



O xiro, o primeiro poemario de Noelia Gómez

Nós Televisión conversa coa xornalista e poeta Noelia Gómez sobre a súa obra 'O xiro'

12 Xaneiro, 2019

<https://nostelevision.gal/o-xiro-o-primeiro-poemario-de-noelia-gomez/>

Con *O xiro*, a rianxeira Noelia Gómez gañou o V Premio de Poesía Gonzalo López e Xerais vén de publicar o seu traballo. Nós Televisión conversa con ela sobre a súa nova obra.

Este libro débuxase no aire cos arames que forman o tramado do coñecido, e vólvese estraño a causa do movemento. Coma unha escultura de Calder, Noelia Gómez bota man de cores primarias dándolles forma e fondo ata facelas xirar serpentinas. Poemas de lugar ensamblados pola presenza do corpo e a procura de paisaxes onde enmarcar a identidade. *O xiro* é o primeiro poemario dunha autora que valora o desprazamento ata convertelo en arma con que lexitimar o que cambia, permanece ou queda atrás. Coma quen aprende o son da fala ou escolle os materiais con que erguer un edificio, os seus versos dobran, ensartan e retórcense para soste-lo equilibrio. O eixo. A palabra. ANTÍA OTERO

Noelia Gómez (Rianxo, 1995) é graduada en Xornalismo e ten un mestrado en Estudos Comparativos de Literatura, Arte e Pensamento pola Universitat Pompeu Fabra. En 2015 gañou o Torneo de Poesía Recitada Ferve a Lingua. Forma parte da antoloxía poética *No seu despregar* (2016). Publicou en libros colectivos como *7 Relatos curtos contra a violencia de xénero* (2015), *Cultura que Une*. Ribeira Sacra-Douro (2018); e en revistas como *Madrygal* ou *Dorna*. *O xiro* obtivo, en 2018, o **V Premio de Poesía Gonzalo López Abente**.